



Concello A Guarda

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE PERSOAL PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DA GUARDA Ó ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 2 DE XANEIRO DE 2018.

BASE 1ª.- Contratación laboral temporal dunha praza de persoal para a Oficina de información turística do Concello da Guarda, cunha duración **dende a sinatura do contrato ata o 15 de setembro de 2018**, cunha xornada de 37,5 horas semanais, de luns a domingo, co horario que determine a Concellería de Turismo do Concello de A Guarda

Obxecto do contrato: as funcións a desenvolver consistirán en proporcionar ós turistas e viaxeiros que o soliciten información no referente a aloxamento, transporte, gastronomía, etc, sendo a modalidade de contratación a de obra ou servizo determinado.

Retribucións: 1.358,03 euros mensuais brutos incluída a prorrata de pagas extras.

A forma de selección será a de oposición libre.

Modalidade de contratación: Contratación laboral temporal

BASE 2ª.- Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- C) Estar en posesión da seguinte titulación: Técnico superior de información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas; ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guías de turismo.
- D) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- E) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.
- F) Estar desempregado/a e figurar como desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

BASE 3ª.- As solicitudes acompañaranse coa documentación compulsada que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria, así como copia do DNI, nas oficinas municipais (rexistro xeral do Concello da Guarda de luns a venres (de 9:00 a 14:00 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Concello A Guarda

O prazo para a presentación de instancias será de **sete días hábiles** dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios dos de maior difusión na provincia.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá **enviarse vía fax ó Concello (986610283)** a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes, **xunto coa acreditación da titulación mínima esixida para participar na convocatoria. A falta de cumprimento deste requisito suporá a exclusión da solicitude.**

Documentación a presentar xunto coa solicitude:

Esta documentación será a que segue:

- solicitude (con Rexistro de Entrada)
- copia do DNI compulsada
- declaración responsable (Anexo I).
- copia compulsada do título ou do recibo do depósito do título
- copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- aqueles aspirantes que o posúan deberán presentar a copia compulsada o CELGA 4 para eximilos da obriga de realizar a proba de galego.

Recordar ós aspirantes que a documentación poden compulsala no Rexistro Xeral do Concello de A Guarda no momento de entregar a solicitude, traendo copia e orixinal de todo aquilo que queiran presentar.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase unha resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, na que se admitirá ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación anterior correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, concedéndoselles **prazo de dous días hábiles para subsanar** os erros ou defectos que houbera. Posteriormente, elaborárase unha nova lista cos definitivamente admitidos/as e excluídos/as.

BASE 4ª.- Sistema de selección.

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización dun exame tipo test de 40 preguntas relacionadas co temario que se sinala a continuación. O día, hora e lugar da realización deste proba, que terá unha duración de 60 minutos, indicárase na resolución da alcaldía pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. A puntuación máxima deste exercicio será de 10 puntos, sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a cualificación de APTO, polo que aqueles aspirantes que non acaden a cualificación de APTO quedarán eliminados. O exame conterá catro preguntas adicionais de reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver posibles empates.



Concello A Guarda

TEMARIO.

- TEMA 1.** – A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais.
- TEMA 2.**- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- TEMA 3.**- A provincia.
- TEMA 4.**- O municipio. O termo municipal.
- TEMA 5.**- Organización municipal: órganos unipersoais e órganos colexiados.
- TEMA 6.**- Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas
- TEMA 7.**- O procedemento administrativo común: fases do procedemento.
- TEMA 8.**- O persoal ó servizo das Entidades Locais: funcionarios, persoal laboral, persoal eventual e persoal directivo profesional.
- TEMA 9.**- As fontes do dereito administrativo: a xerarquía de fontes.
- TEMA 10.**- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais.
- TEMA 11.**- Lei 7/2011, de 27 de outubro de turismo de Galicia
- TEMA 12.**- Ordenanza xeral reguladora do uso de praias da Guarda (BOP 16.08.2012)
- TEMA 13.**- Instalacións e dependencias do Concello da Guarda
- TEMA 14.**- Características xeográficas de Galicia: aspectos xerais.
- TEMA 15.**- As Rías Baixas. A rasa costeira
- TEMA 16.**- Ruta PRG 160 Desembocadura do río Miño.
- TEMA 17.**- Patrimonio histórico da Guarda.
- TEMA 18.**- Patrimonio Cultural da Guarda.
- TEMA 19.**- Patrimonio Etnográfico e civil da Guarda.
- TEMA 20.**- SICTED en Oficina de turismo.
- TEMA 21.**- Camiño Portugués da Costa.
- TEMA 22.**- Ruta dos marcos.
- TEMA 23.**- Ruta cultural urbana.
- TEMA 24.**- Praias fluviais e marítimas no Concello da Guarda
- TEMA 25.**- Rueiro do Concello da Guarda.
- TEMA 26.**- Arquitectura relixiosa do Concello da Guarda.
- TEMA 27.**- Principais festas e eventos do Concello da Guarda
- TEMA 28.**- O Monte Santa Trega: características xeográficas.
- TEMA 29.**- Oferta de aloxamentos turísticos.
- TEMA 30.**- O Padroado Monte Santa Trega: Órganos de goberno, funcionamento e réxime xurídico.
- TEMA 31.**- Historia da Guarda.
- TEMA 32.**- O Castelo de Santa Cruz.
- TEMA 33.**- O MASAT (Museo Arqueolóxico Santa Trega)
- TEMA 34.**- O Museo do Mar.
- TEMA 35.**- Festas de Galicia de interese turístico.
- TEMA 36.**- Bandeira azul e distintivos de calidade.
- TEMA 37.**- Escavacións no Monte Santa Trega.
- TEMA 38.**- Turismo ornitolóxico.
- TEMA 39.**- Ruta PRG 122 camiños do Trega.
- TEMA 40.**- Comarca Baixo Miño.

PROBA LINGUA GALEGA.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 deberán realizar unha proba escrita de coñecemento da lingua galega, consistente na tradución dun texto de castelán a galego. A proba será valorada como APTO ou NO APTO, e terá carácter eliminatorio.



Concello A Guarda

BASE 5ª.- O tribunal estará constituído da seguinte maneira:

O Tribunal Cualificador, no que os membros teñen un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada, estará integrado polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE:** Un funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.
- **SECRETARIO:** Un funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública, que actuará con voz pero sen voto.
- **VOCAIS:** catro vocais, designados entre o persoal funcionario e laboral fixo da Administración Pública.

A designación de membros do tribunal cualificador deberá incluír ó respectivo suplente, e os vocais, deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada, o que deberá acreditarse mediante copia compulsada que acompañe ó escrito de designación de titular e suplente.

Para a válida actuación do Tribunal requírase a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

A composición do tribunal cualificador, así como a data de constitución do mesmo serán obxecto de resolución da Alcaldía, que se fará pública.

BASE 6ª.- Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo o Sr. Alcalde para a súa selección á persoa que encabece a relación do proceso selectivo.

No caso de que as persoas seleccionadas non reunisen os requisitos necesarios para ser seleccionadas poderán ser substituídas polas seguintes da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

BASE 7ª. - DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLO SELECCIONADO.

O candidato seleccionado deberán achegar con carácter previo ó inicio da prestación:

- DNI.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.
- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o exercicio das funcións propias do posto.



Concello A Guarda

BASE 8º.- LEXISLACIÓN SUPLETORIA.

En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora de contratos de obra ou servizo determinado, así como pola resolución da concesión da subvención e as bases publicadas no DOGA N° 13 de 19 de xaneiro de 2017. Así mesmo, será de aplicación o Estatuto dos Traballadores e a lexislación de función pública que poida selo.

O alcalde
Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente á marxe



Concello A Guarda

ANEXO I

D./D^a _____ con DNI _____,
veciño/a de _____
e enderezo en _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1º.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. (No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público).

2º.- Posuír a titulación esixida na convocatoria.

3º.- Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

A Guarda, a ____ de _____ de 2018

Asdo.: _____